XUNTA DE GALICIA

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E LENDA EDUCATIVA, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA, PARA POSIBILITAR O DESPRAZAMENTO DE ALUMNADO CON DISCAPACIDADE AO CEEPR LENDA EDUCATIVA RADICADO NA PROVINCIA DA CORUÑA

REUNIDOS

Dunha parte, Diego Calvo Pouso actuando en nome e representación da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra, Sara Pombo Trigo, que actúa no nome e representación de Lenda Educativa, Sociedade Cooperativa Galega, na súa calidade de administradora única, nomeada o día 9 de febreiro de 2024, segundo consta no Rexistro Provincial da Coruña da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

EXPOÑEN

I.- Que o Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101 do 27.05.2024) dispón que a Dirección Xeral de Mobilidade asuma as funcións de planificación e prestación dos servizos de transporte a escolares con dereito a transporte escolar gratuíto, no ámbito das competencias da Administración xeral da Comunidade Autónoma.

II.- Que o 11 de setembro de 2024 a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e Lenda Educativa, Sociedade Cooperativa Galega asinaron un convenio de colaboración para posibilitar o desprazamento do alumnado con discapacidade dende os seus domicilios ao CEEPR Lenda Educativa durante o curso 2024/2025.

No convenio modifícase a cláusula 5ª referida á composición da Comisión de Seguemento de forma que queda presidida pola persoa titular do Servizo de Mobilidade do Departamento Territorial da Coruña (ou persoa en quen delegue) e formada por dúas persoas representantes de Lenda Educativa, Sociedade Cooperativa

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: cZk6aIDOH89 **Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve

Galega e outra máis do Departamento Territorial da Coruña da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

III.- Que as necesidades de transporte específico para o alumnado con discapacidade que motivaron o asinamento dese convenio manteñen a súa vixencia para o curso escolar 2025/2026.

IV.- Que a cláusula décimo terceira do convenio prevé a posibilidade de prórroga por cursos escolares completos, sempre que conste expresamente a vontade das partes asinantes do convenio.

De acordo con todo o anterior, e co obxectivo de garantir o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require unha atención específica e preferente, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e Lenda Educativa, Sociedade Cooperativa Galega acordan a sinatura desta addenda para posibilitar o desprazamento do alumnado con discapacidade dende os seus domicilios ao CEEPR Lenda Educativa (ida e volta) así como o seu traslado a/ou desde os centros nos que reciba tratamento rehabilitador cando o dito tratamento coincida co horario escolar, con suxeición ás seguintes cláusulas,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Constitúe o obxecto desta addenda estender a vixencia do convenio, asinado o 11 de setembro de 2024, durante o curso 2025/2026, e incrementar dúas novas rutas como consecuencia de aparición de novo alumnado con dereito a transporte escolar: ruta 4-Cerceda e ruta 5-Santa Comba que figura na memoria de detalle do servizo e na memoria de gastos da entidade, anexa a esta.

Segunda.- Financiamento para o curso 2025/2026

A consellería colaborará con Lenda Educativa, Sociedade Cooperativa Galega cunha achega máxima de **184.386,69 €** (74.606,75 € no ano 2025 e 109.779,94 € no ano 2026)

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: cZk6aIDOH89 **Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve

que se financiará con cargo á partida orzamentaria 05.08.423A.223.08 dos orzamentos xerais de gasto da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2025 e 2026.

Terceira.- Publicidade e rexistro da addenda. Consentimento para a publicidade de datos persoais

O réxime de publicidade da addenda será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A sinatura da addenda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición da addenda no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura da presente addenda as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos os datos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Cuarta.- Condicións

Esta addenda rexerase polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo, sen prexuízo da aplicación para o curso 2025/2026 do financiamento establecido na cláusula segunda da presente addenda.

Así mesmo todas as referencias á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades entenderanse realizadas á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Estando conformes co estipulado, asínase esta addenda na data da súa sinatura dixital.

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes	A Administradora Única de Lenda Educativa, Sociedade Cooperativa Galega
Diego Calvo Pouso	Sara Pombo Trigo

Asinado por: CALVO POUSO, DIEGO
Cargo: Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes
Data e hora: 28/07/2025 13:37:40

Asinado por: TRIGO POMBO, SARA
Cargo: Administradora única (LENDA EDUCATIVA - F44879443) (Lenda Educativa, Sociedade Cooperativa Galega)
Data e hora: 28/07/2025 12:14:51

As copias en papel deste documento terán condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: cZk6aIDOH89 **Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve